

Cómo é que as historias fan xeografías: circulación e contexto nunha perspectiva global.

Arjun Appadurai

Fluxos culturais globais

Os obxectos culturais (que inclúen imaxes, linguas e tipos de cortes de pelo) móvense agora con máis rapidez a través de fronteiras rexionais e nacionais. Esta aceleración é consecuencia da rapidez e espallamento de internet e do crecemento comparativo simultáneo das viaxes, medios transculturais e da publicidade global. O poder das corporacións globais para levar fóra do país de orixe varios aspectos das súas actividades, que abranxen da manufactura e distribución á publicidade e comercio, significou que a forza do capital global viuse agora multiplicada pola combinación oportunista de idiomas culturais, símbolos, comunidades de traballo e actitudes a respecto do proveito e do risco. A cuestión do risco na actual era de financialización trátase con máis extensión na terceira parte do meu libro *The Future as Cultural Fact: Essay in the Global Condition* (Appadurai, 2013). Adicionalmente, este tráfico volátil e explosivo de mercaderías, estilos e informacións emparellouse co crecemento dos fluxos tanto da política cultural (que se fixo visible da maneira máis poderosa no discurso sobre os dereitos humanos, mais tamén nas linguaxes novas da cristiandade e do islam radicais, e no discurso dos activistas da sociedade civil, que queren promover as súas propias versións da equidade global, dos dereitos e da cidadanía, exemplificados polos estudos de activismo urbano global detallados na segunda parte do meu libro *The Future as Cultural Fact* (Appadurai, 2013). A dinámica da modernización segue a ser unha característica esencial dos fluxos culturais globais. As corporacións globais compiten agora polos mercados da bio-tecnoloxía, os medios dixitais, a auga potable, os créditos á produción de enerxía, os derivados financeiros (como xa ben sabemos) e por outros mercados de mercaderías que case non existían antes de 1970.

Ó mesmo tempo, hai mercados ilegais ou non oficiais que xurdiron por todas partes, conectando sociedades e estados de diferentes partes do mundo. Estes mercados adxacentes que implican tráfico de órganos humanos, armamentos, metais preciosos, e traballadoras do sexo, por mencionar só catro exemplos, fan uso extensivo do poder de internet, dos teléfonos celulares e das técnicas de comunicación sofisticadas, tamén aproveitan as vantaxes das diferenzas entre as políticas impostas polas fronteiras nacionais, da destrución de moitas economías rurais e da corrupción estatal que caracteriza a moitas partes do mundo. Tales circuitos de mercaderías ilegais, poño por caso en África, levan tamén economías aparentemente desoladas ós principais nexos comerciais e portos principais (poño por caso, Rotterdam) por medio do movemento global de mercaderías habituais coma as neveiras, coches e acondicionadores de aire. O mercado de diamantes consiste en redes sofisticadas que conectan minas e exércitos, intermediarios para a talla e comercialización en India, e tamén maioristas e tendas en Londres, Antuerpe e Nova York; tamén está profundamente conectado con casos de violencia extrema en lugares coma Sierra Leona, República Democrática do Congo e Angola.

É importante apreciar que estes variados circuitos de mercaderías están mutuamente conectados. Entón, a capacidade dos actores financeiros globais para mover electrónicamente grandes sumas por riba das fronteiras nacionais, e para crear e explotar novos mercados financeiros polo mundo adiante, produciron tamén novas desigualdades nalgunhas das megacidades do mundo e alimentaron significativamente a recente e precipitada fusión financeira global. Estas desigualdades (penso en cidades coma Bombai, Hong Kong ou San Paulo) alimentan o crecemento de grandes infraclases urbanas que son o criadeiro potencial para actividades dos sindicatos do crime globais vinculados ás formas tradicionais de contrabando, comercio tranfronteirizo e a política relativamente nova do terror urbano. Este último tipo de crime politizado prepáranos redes criminais que medraron, poño por caso, en Bombai e están agora localizadas en Karachi, Dubai, Katmandú, Bangkok e sitios aínda máis afastados. Crean unha xeografía nova que conecta o golfo pérsico con partes diferentes do sur e sueste de Asia, están directamente implicadas na política da violencia que existe en Cachemira e noutros lugares do sur de Asia -e en conxunción cos tipos de conexións de mercaderías xa mencionados, que sosteñen a infraestrutura financeira de redes coma Al-Qaeda, que se ergueu orixinalmente por medio de empresas construtoras globalizadas da familia Bin Laden.

Do estudo destas múltiples cadeas e redes de mercaderías podemos concluír que as formas de circulación máis recentes exemplificadas polos mercados financeiros, e polos instrumentos e regulacións globais, afectan tamén á capitalización xeral das cadeas de mercaderías máis vellas (legais ou ilegais) como é o caso das implicadas nos fluxos de traballadores, drogas, armas e metais preciosos. Sen querer ocuparmonos moito disto, cómpre dicir que estas cousas novas apóianse en cousas máis vellas, transfórmanas e refórzanas. A globalización crea unha relación máis volátil e borrosa entre o capital financeiro e outras formas de capital, e unha relación máis perigosa entre os fluxos globais de mercaderías e as políticas de armamento, seguridade e paz de moitas sociedades.

O outro factor principal de tódalas cadeas de mercaderías globais (dende as máis sinxelas ás máis sofisticadas) é o crecemento explosivo de instrumentos electrónicos moi avanzados para o almacenamento, difusión, e seguemento de información que poden usar tanto o estado coma os seus opoñentes. Para o mundo, a complexidade dos fluxos culturais globais tivo efectos moi intensos no que chamei a “produción de localidade” e na produción de subxectividade local.¹ Estes fluxos e redes confunden modelos máis vellos de aculturación, contacto cultural e

¹ A. Appadurai, *Modernity at Large: Cultural Dimensions of Globalization*. Minneapolis, Universtiy of Minnesota press, 1996.

mesturas, dado que tamén achegan materiais novos para a construción da subxectividade. Poño por caso que o tráfico de imaxes do sufrimento global crea novas comunidades de sentimento que introducen e transmiten a simpatía, a identificación e a indignación a través de grandes distancias culturais. Por exemplo, en Europa, levar un veo, prenda moi variada en diferentes partes do mundo islámico, converteuse nun punto de inflamación para a educación, a moda e a autoridade estatal en países coma Francia, que historicamente se sentiu absolutamente cómoda cos suntuosos mercados da identidade relixiosa.

Exemplo poderoso do fluxo discursivo global é a difusión e entrada do discurso dos dereitos humanos no centro do vocabulario da política dende o nacemento das Nacións Unidas. No medio século que correu dende entón, potencialmente tódalas sociedades coñecidas xeraron individuos e grupos cunha conciencia nova do seu status político no marco dos dereitos humanos. Minorías de todo tipo (entre as que se contan mulleres, nenos, inmigrantes, refuxiados, prisioneiros políticos e outros cidadáns débiles) teñen agora capacidade de exercer presión sobre o estado para que respecte os seus dereitos humanos. Este proceso é de especial interese na historia da antropoloxía, dado que leva o feito social da diferenza cultural directamente ó reino da política e conecta a diversidade cultural cos dereitos humanos máis esenciais e universais.

Porén, este proceso non é plenamente benigno: en moitos casos a capacidade do que chamo “números pequenos”² para presionar a favor de grandes reclamacións políticas en nome da diferenza cultural pode producir mobilizacións etno-nacionais e contribuír ás condicións para o xenocidio. Europa asistiu a varios tipos de reaccións dende a violencia na antiga Iugoslavia a principios dos anos noventa, incluíndo a aparición dunha dereita aberamente contraria á emigración en Francia, Austria, Suecia, Alemaña e Italia. André Gingrich e Marcus Banks³ tiveron éxito recentemente á hora de compor algo parecido a unha resposta a este problema dende un punto de vista antropolóxico. A difusión global dos valores dos dereitos humanos é tamén un signo das novas formas complexas da lei e maila legalidade que afecta agora á relación entre orde e desorde en moitas sociedades en procesos de transformación rápida.

En resumo: os fluxos culturais globais perderon as cualidades selectivas e incómodas que tiveron durante gran parte da historia humana, en tempos nos que as máis das sociedades deron con maneiras de acomoda-los sistemas de significado externo dentro dos seus propios marcos cosmolóxicos, producindo logo cambios por accidente dialéctico e combinación estrutural.⁴ Hoxe, os fluxos culturais globais (sexan relixiosos, políticos ou producidos polo mercado) entraron na manufactura das subxectividades locais, cambiando logo as maquinarias para a manufactura do significado local e os materiais procesados por esas maquinarias. En consecuencia, os cidadáns occidentais, os lexisladores e moitos liberais debaten ideas sobre os dereitos dos refuxiados en termos de multiculturalismo, patriotismo dual, dignidade diaspórica e dereitos culturais (termos todos eles tan novos coma os debates nos que tentan mediar). Do mesmo xeito, este período actual (aproximadamente dende 1970 ata o presente) caracterízase polos fluxos non só de substancias culturais, senón tamén de formas culturais como é o caso da novela, o ballet, as constitucións e o divorcio, por mencionar só algúns exemplos.

O fluxo destas formas afectou a procesos histórico-mundiais principais coma o nacionalismo.⁵ En todo caso, hoxe, o fluxo de formas tamén a afecta á propia natureza do coñecemento no momento en que disciplinas, técnicas e maneiras de pensar enteiras móvense e transfórmanse no proceso. Exemplos de fluxos globais de tales formas de coñecemento inclúen a difusión, por exemplo, dos xogos por internet en China, o incremento de compra e venda diaria de accións de bolsa en lugares coma Tokio, Shanghai e outros lugares distantes; a elaboración de constitucións en sociedades post-monárquicas coma Nepal e a popularidade mundial de formas visuais coma o manga xaponés.

Crucial para a comprensión destes fluxos culturais é a *relación entre as formas de circulación e a circulación de formas*. Formas da caste das novelas, filmes e xornais atopan vías de circulación ben establecidas e circuitos de relixión, migración e comercio. Porén, outras formas culturais, poño por caso o ballet, a animación, a fotografía de moda ou o activismo político de base, crean circuitos de circulación que non existían antes. O século vinte é testemuña, logo, de tensións novas entre as formas culturais que actualmente agroman e circulan, circuitos ou redes parcialmente formados que forman e cubren múltiples camiños de circulación. Esta estrutura dual de formas culturais globais xera tamén o que podemos chamar “choques” ou obstáculos a respecto de moitos fluxos culturais. O estado chinés, por exemplo, ten moita ansia por limita-la actividade en internet, fundándose no seu dereito a regula-la información e a reforza-la moralidade social, xusto ó mesmo tempo cós membros da secta Falun Gong usan técnicas globais de protesta e comunicación para mina-la lexitimidade do estado chinés. Os activistas a prol da construción de vivendas usan toda a forza dos seus aliados e circuitos globais para impedi-la capacidade de desprazar a poboacións de arrabaldos que teñen os gobernos municipais e locais, cuestión que tratei detalladamente pró caso da India na segunda parte do meu libro *The Future as Cultural Fact* (Appadurai, 2013). Os defensores dos dereitos das mulleres participan nunha carreira diaria contra os que usan os circuitos culturais globais para argumentar e lexitimar as súas visións da política sexista en nome do valor da diferenza cultural. Estes fluxos culturais globais teñen, logo, unha curiosa contradición interna, dado que crean algúns dos obstáculos para a súa propia liberdade de movemento e auto-regulan estrañamente a facilidade coa que atravesan as fronteiras culturais. En resumo: a sabendas de que sempre houbo fluxo, intercambios e mesturas a través das fronteiras sociais na historia humana, tomo moi en serio a *longue durée*. O feito de que a mesma dinámica produza fluxos culturais diversos e os propios obstáculos, choques e baches que impiden o libre movemento constitúe un desenvolvemento novo da nosa comprensión dos fluxos

² A. Appadurai, *Fear of Small Numbers: An Essay on the Geography of Anger*, Durham: Duke University Press, 2006.

³ A. Gingrich e M. Banks (eds.), *Neo-Nationalism in Europe and Beyond: Perspectives from Social Anthropology*, Londres: Berghahn Books, 2006.

⁴ M. D. Sahlins, *Islands of History*, Chicago: University of Chicago Press, 1987.

⁵ B. Anderson, *Imagined Communities: Reflections on the Origin and Spread of Nationalism*, Londres: Verso, 1991; *The Spectre of Comparison: Nationalism, Southeast Asia, and the World*, New York: Verso, 1988.

culturais na era da globalización: tamén debe consolar a aqueles que se preocupan de que os fluxos globais teñan por resultado un réxime cultural sinxelo e homoxéneo que cubra o planeta terra.

Alguns dilemas de método.

Dende xa hai certo tempo, os estudosos da sociedade e os académicos que se dedican ós estudos de área, incluídos os arquitectos e académicos que se ocupan das formas de construción, veñen preguntándose por un problema básico: cómo é que podemos comparar obxectos sociais nun mundo no que os máis deses obxectos (sexan nacións, ideas, técnicas ou economías) parecen profundamente interconectados. A idea clásica da comparanza en campos tan diversos coma a literatura comparada, a lingüística e a antropoloxía fúndase na noción de que os obxectos que hai que comparar son distintos e que a comparanza, logo, mantense inalterada pola conectividade. Mesmo en campos coma a antropoloxía e a bioloxía evolutiva, caracterizados polo interese no parentesco evolutivo e histórico das formas, das linguas ou das estruturas de parentesco, a estratexia de comparanza tratou os obxectos atendendo ó propósito da comparanza: como se estivesen absolutamente separados dende o punto de vista formal. Amais, a comparanza era a guía para o estudo da historia e dos devanceiros, e non ó revés.

Quero suxerir que necesitamos distinguir-lo problema da circulación do problema da conectividade, e examina-los distintos períodos na medida en que estean caracterizados por distintos niveis de circulación. Por exemplo, pode haber períodos ou contextos marcados por un alto nivel de conectividade que non teñan alto nivel de circulación, coma no caso do movemento do budismo dende a India a gran parte de Asia durante o primeiro milenio da historia cristiá. Hoxe atopámonos no outro extremo do espectro: vivimos nun mundo no que tanto a conectividade coma a circulación danse nun grao moi alto. Moitas sociedades tecnicamente pouco avanzadas e xeograficamente illadas vense limitadas no relativo tanto á conectividade coma á circulación. Porén, as sociedades da Turquía e Alemaña contemporáneas, co seu alto nivel de circulación de traballadores inmigrantes turcos que entran en Alemaña e saen dela, non amosan un incremento significativo da conectividade. As políticas do valor, discutidas no capítulo primeiro do meu libro *The Future as Cultural Fact* (Appadurai, 2013), ocúpanse primordialmente do problema de circulación en relación co coñecemento na vida social das cousas. Con efecto, a política do valor pode considerarse como algo que xurde da fricción entre circulación e conectividade na vida social das cousas, cuestión que complica o problema da comparación entre distintos réximes de valor.

Ó pensar nos estudos de área, cómprenos recoñecer que as historias producen xeografías e non ó revés. Debemos abandona-la noción de que hai algún tipo de paisaxe espacial sobre o que o tempo escribe a súa historia. En troques, son os axentes, institucións, actores e poderes históricos os que fan a xeografía. Abofé que hai xeografías comerciais, xeografías de nacións, xeografías das relixións, xeografías ecolóxicas, e todo tipo de xeografías, mais todas elas prodúcense historicamente. Non pre-existen para que a xente poida actuar nelas ou con elas. Percibi-las historias en calidade de produtoras de xeografías permite un entendemento do coñecemento producido nas humanidades, ciencias sociais e mesmo nas ciencias naturais sobre a maneira en que as rexións, áreas e mesmo civilizacións xurden do traballo dos seres humanos. Este agromar inclúe o que hai tempo chamei o “traballo da imaxinación”⁶ que os seres humanos fan cando loitan para aumenta-las súas posibilidades de sobrevivencia, mellora-los horizontes de posibilidade e incrementa-la súa riqueza e seguridade. No curso da historia humana, estas actividades, que de xeito ningún son só produto da modernidade, caracterizaron o que chamo a “producción da localidade”: os seres humanos, ó exercer-las súas capacidades técnicas, sociais e imaxinativa (incluída a capacidade de violencia, guerra e egoísmo ecolóxico) producen literalmente os entornos nos que funcionan, incluída a natureza biolóxica e física destes entornos. A idea de que as historias producen xeografías, que pola súa vez abofé que dan forma ó que lles acontece ós axentes históricos, mantense en tódalas escalas, incluída a escala da cidade -véxase a segunda parte de *The Future as Cultural Fact*, (Appadurai, 2013). En varios campos, a relación entre circulación, comparación e conectividade amosa unha tensión interna entre aproximacións estruturais que enfatizan a comparanza e o que se pode chamar “aproximacións históricas”, que enfatizan a conectividade. A cuestión, logo, é se podemos desenvolver un método que non requira elixir entre a énfase na comparanza e a énfase na conectividade. Para dar cunha resposta, temos que voltar á relación entre “a circulación de formas e as formas de circulación.”

A circulación de formas

Coa expresión “formas” quero referirme a unha familia de fenómenos (incluídos estilos, técnicas ou xéneros) que poden ser habitados por voces, contidos, mensaxes e materiais específicos. Desafortunadamente, o enigma filosófico de separa-la forma do contido non pode desemarañarse neste capítulo. Ó usa-la palabra “forma” quero sinxelamente situar temporalmente a cuestión da circulación global nun nivel lixeiramente máis abstracto. As formas máis recentes que se poden discutir desta maneira son “a forma nación” e a “forma novela”, das que a relación foi poderosamente argumentada por Benedict Anderson⁷ cando redefiniu o nacionalismo conectándoo co capitalismo, a nación e a narración, a lectura e a cidadanía, as comunidades imaxinadas e afectadas. Houbo algunhas investigacións máis sobre cómo foi que a forma novela circulou e cómo se viu transformada no proceso, xunto con outras formas e xéneros literarios. A circulación da forma nación foi asunto de discusión menos intensa. Porén, Homi Bhabha⁸, Benjamin

⁶ Appadurai, *Modernity at Large*

⁷ Anderson, *Imagined Communities*.

⁸ H. K. Bhabha, *Nation and Narration*, Nova York: Routledge, 1990.

Lee⁹ e poucos máis amosaron que tamén esa forma se move e habita espazos locais de maneiras complexas. O debate sobre a “nación íntima” do capítulo quinto do meu libro *The Future as Cultural Fact* ilustra a complexa cohabitación de dúas formas de nación imaxinada no mesmo espazo histórico e xeográfico. Do mesmo xeito, a análise da violencia extrema no capítulo cuarto ilustra como é que as formas médicas e políticas poden coproducir formas inesperadas de cirurxía política. Cunha actitude máis optimista, a maneira que tivo Gandhi de combinar as profundas xenealoxías da violencial real coas ideas modernas do amor, a tolerancia e maila desobediencia civil que ó tempo circulaban ilustran as maneiras inesperadas en que a circulación pode anima-la hibridación de formas aparentemente similares. A idea de nación tamén circula en parte debido á produción de novos públicos lectores e de novas formas de escritura e publicación. A gran fórmula constitucional estadounidense “Nós, o pobo” non é só performativa, segundo amosaron Bonnie Honig e Jay Fliegelman entre outros, senón tamén un performativo en circulación que produce diferentes imaxinarios locais sobre identidade colectiva e proxectos democráticos. Os exemplos da nación e a narración son un recordatorio útil de que as diferentes formas circulan a través de traxectorias diferentes, xeran interpretacións diversas e forman a xeografías diferentes e desiguais. Hai novelas sen nacións e nacións sen novelas e, entón, a globalización nunca é un proxecto total que capture as xeografías todas con forza igual. Amais, a circulación de formas produce experimentos de xéneros novos e distintos, moitos dos cales vense forzados a coexistir en combinacións incómodas e desiguais. Unha lección que podemos tirar disto é que nos cómpre avanzar con decisión máis alá dos modelos existentes de creoulización, hibridez, fusión, sincretismo e cousas semellantes, que trataron en gran parte das mesturas no nivel do contido. Porén, cómprenos proba-la cohabitación de formas, como é o caso da novela e a nación, porque actualmente producen novos contextos por medio da peculiar inflexión que producen unha noutra, recíprocamente.

Un dos primeiros pasos para fuxir do enigma do local e o global que moitos académicos defrontan pode ser aceptar que o global non é sinxelamente o sitio accidental da fusión ou confusión de elementos globais que están en circulación. É o sitio da transformación mutua das formas que circulan, como é o caso da nación e maila novela. Tales transformacións acontecen sempre por medio do que hai tempo chamei o “traballo da imaxinación”, que produce localidade. No meu libro de 1996, *Modernity at Large*¹⁰, salientei que o local non era só un cadro invertido no que se escribía o global, senón que o local era, de seu, produto de esforzos incesantes. Hoxe é relativamente fácil aceptar ese argumento, concordar con el ou mesmo dalo por garantido, mais quero engadir que este traballo e esta apropiación son antes de nada cuestión de formas, estilos, idiomas e técnicas, máis ca historias, teorías, corpos ou libros substantivos. Entón, a forma nación representa un ingrediente en circulación máis vital ca ningunha ideoloxía específica do nacionalismo. A forma novela é máis importante ca ningún autor ou ca ningunha das variacións do xénero. A idea de “pobo” é máis importante ca ningunha ideoloxía populista en concreto. A idea dun documento fundacional legal para a política nacional supera esta ou aqueloutra constitución en particular. Finalmente, o “traballo da imaxinación” e a circulación de formas producen localidades non pola hibridación de contidos, arte, ideoloxía ou técnicas, senón pola negociación e as tensións mutuas entre elas. É esta negociación a que crea os complexos contedores que posteriormente dan forma ós verdadeiros contidos da práctica local.

As formas de circulación

Pra concluír, permítaseme examina-las formas de circulación. Estas formas están estreitamente vinculadas ós circuitos por medio dos que se dan, ás velocidades ás que se dan e á escala á que se dan.

Non todo se move polos mesmos circuitos, os humanos móvense en botes, barcos, trens e coches; as imaxes, palabras e ideas móvense por medio de toda unha varedade de circuitos que arestora inclúen ciber-rutas de varios tipos; o sangue circula a través de certos circuitos, o diñeiro a través doutros, e as armas, drogas e doenzas a través doutros. A velocidade é unha propiedade que dá forma á circulación de diferentes formas; ó mesmo tempo, é un elemento das formas de circulación. A invasión de Irak no ano 2003, por exemplo, amosa claramente as velocidades desiguais dunha morea de mensaxes, materiais e man de obra, secomasí de informacións mediáticas.

A escala espacial é outra clave formal dos procesos circulatorios. As formas lingüísticamente mediadas tenden a ser de certos xéneros e a producir efectos en certos terreos. Ó reconecer, logo, que a propia circulación ten certas propiedades formais, nomeadamente en termos de tempo, espazo e escala, modificaría o meu argumento de hai anos a respecto de que as relacións desiguais entre unha variedade de “paisaxes” (usei o termo “etnopaisaxes”) produciron estas conxuncións e diferenzas na economía cultural global. Hoxe, tentaría facer esa suxestión máis dinámica argumentando que os choques e bloqueos, disxuncións e diferenzas prodúcense pola variedade de circuitos, escalas e velocidades que caracterizan a circulación dos elementos culturais. Algúns exemplos e cuestións de Asia han ilustrar este punto: Por qué é que non hai máis interacción entre as industrias filmicas de Hong Kong e Bombai no tocante a argumentos, personaxes, narracións, finanzas, produción ou distribución? É certo que nas últimas décadas os cineastas de Bombai inclúen Hong Kong, Singapur e algunhas outras localizacións monumentais nos seus filmes, en parte para evita-los altos custos de lugares exóticos coma Londres ou Nova York, pero tamén porque algúns cineastas hindús, nomeadamente da industria filmica Tamil radicada en Madrás, están fascinados polas culturas de consumo específicas do leste de Asia. Sexa com for, o contrario non é certo: as industrias cinematográficas de China, Xapón e outras das principais industrias cinematográficas asiáticas non se dirixen á India para enriquece-las súas fantasías sobre o moderno. A pregunta é: por qué non? Cantos chineses da República Popular viron algunha serie televisiva hindú? Cantos hindús viron e disfrutaron cinema popular hindú? Cántos intelectuais hindús poden debater da relación

⁹ B. Lee, “Peoples and Publics”, *Public Culture*, 1998, 10 (29), 371-94.

¹⁰ Hai versión castelá, co título de *La modernidad desbordada*, editada polo Fondo de Cultura Económica. (N. do t.)

da India con Corea do Norte con alguna autoridade? Preguntáronse os intelectuais seculares da India porque é que a China comunista foi notablemente ríspida coas súas minorías relixiosas? Son todas estas cuestións sobre bloqueos, choques e interferencias no que doutro xeito pode considerarse a xeito de festival de interacción e celebración entre India e China. En xeral, é correcto dicir que todo tráfico rápido e intenso débese á forza do mercado de bens e servizos, do capital e dos seus fluxos, e das enerxías do empresariado. Onde o tráfico é débil, débese xeralmente a unha cuestión de prexuízos culturais e de distintas políticas estatais. Tódalas modernidades xurden en tensión entre o tráfico intenso e o contrario: o tráfico lento. Dito doutra maneira; se ben é verdade que as historias producen xeografías, a forma exterior, a estrutura (ou forma interna) e duración destas xeografías é tamén cuestión de obstáculos, bloqueos de rutas e embotellamentos. Por mor de comprender cómo é que se produce a alteridade nun mundo globalizante, cómprenos considerar tanto a circulación de formas, que salientei, e as formas de circulación. Con efecto, coido que o que nos cómpre é unha teoría que relacione as formas de circulación coa circulación das formas. Tal teoría pode contarnos algo útil sobre a razón de que as universidades se movan con menos rapidez que, poño por caso, as AK.47, e por qué, globalmente, a democracia tense en máis alta estima cá presidencia dos Estados Unidos de América.

Para encarar verdadeiramente o desafío da comparanza nun contexto caracterizado por altos graos de conectividade e circulación, que no meu ver definen a nosa era de globalización, cómprenos entender mellor as maneiras en que as formas de circulación e a circulación de formas crean as condicións para a produción de localidade. Fago fincapé na localidade porque, ó cabo, é na localidade onde residen os arquivos que nos son vitalmente importantes. As localidades (neste mundo, e neste argumento) son negociacións temporais entre varias formas que circulan globalmente. Non son instancias subordinadas ó global, senón que son, con efecto, a proba principal desta realidade.